

## LIMIAR

Esta obra inscríbese nunha das grandes preocupacións e constantes do pensamento e da obra de Ferro: o coñecemento das fontes co gallo de facer unha historia seria de Galicia.

Segundo lle manifestou a Salvador Lorenzana nunha entrevista que lle fixo, a historia non é obra dun home só, senón que fan falta equipos de traballo que saquen á luz todos os documentos que aínda durmían esquecidos en arquivos e depósitos. Pois non podía facerse unha historia a base de refritos, nin retórica, romántica ou fantástica, pois diso tiñamos dabondo. A historia había que fundamentala en fontes solventes, analizándoas, valorándoas e depurándoas de elementos espúreos, interpretándoas e sometendoas a críticas serias. Quería una historia documentada, baseada en testemuñas, fosen documentais ou arqueolóxicas.

Estaba na liña do P. Atanasio López, quen falaba (*Estudios crítico-históricos de Galicia*. Santiago. 1916, pp. 13-16 ) de que “La historia de Galicia hubiera dado mejores resultados si sus cultivadores hubiesen procedido con mejor método y dirección”, pois “En gran parte de los historiadores gallegos se advierte un excesivo entusiasmo por las glorias regionales, entusiasmo que si estuviera moderado por la frialdad y rigor de la crítica, resultaría provechosísimo”. E engadía: “En historia a nadie se cree hoy si no prueba lo que afirma. Las pruebas son los documentos y testimonios que se exhiben”. A lei fundamental da Historia, como dixo Cicerón (*De Oratore*, II, XV): “Primum esse historiae legem ne quid falsi dicere audeat, deinde ne quid veri non audeat”.

Deste mesmo parecer era Pascual Galindo Romeo (*Tuy en la Baja Edad Media*) no ano 1923.

Este será o eixe de toda a actividade de Ferro coma investigador, herdada do seu tío, o historiador don José Couselo Bouzas, que o introduciu e foi o seu mestre nas inquiredanzas históricas da nosa terra.

- El sabía que nos arquivos e depósitos documentais de Galicia e nos Arquivos Nacionais españois, o mesmo que nos portugueses, fosen nacionais, distritais, parroquiais ou municipais, existían milleiros de documentos en latín e en galego, ó igual que en castelán e portugués, referentes á nosa terra e que eran descoñecidos ou non foran ben explorados. Estes documentos había que sacalos das tebras en que durmían e dalos á luz.

Coma o traballo era moito, era preciso crear equipos de investigadores que vaciasen tanta información e que se publicase en revistas especializadas xunto coas monografías que saísen de aí.

A Fundación Penzol patrocinou a publicación desta obra dedicada ás Terras de Ourense e que ía ser a primeira doutras sobor das Terras de Santiago, Tui, Lugo e Mondoñedo.

O seu proxecto na “Vida” era moi amplo, coma o expresa no Prólogo, mais é de lamentar o feito de que quedase incompleta polos atrancos que lle puxeron na consulta dos fondos de certo arquivo e mesmo polas forzas que día a día lle ían diminuindo.

Tivo serias dúbidas en canto ó tema de facer unha transcripción paleográfica rigorosa dos documentos ou non. Á fin, con gran pesar dos filólogos, decantouse por non facela, pois coidaba que se os compracía a obra non chegaría a maioría da xente. Triunfou o espírito divulgador que aniñaba fortemente nel. Quería que ante todo fosen fontes para a nosa historia e o noso dereito medievais.

Non embargante, sabía que, sobor de todo, a obra era un soberbio documento lingüístico, pois para a nosa historia da lingua galega non hai case outras fontes, xa que os textos literarios, legais e históricos, son mínimos.

Esta obra constitúe unha aportación básica para o coñecemento do noso pasado, tanto no aspecto histórico, coma no filolóxico e o económico e social. Adiántase nela ás tendencias historiográficas máis novas, a historia do pobo, a historia cotiá dos homes anónimos, fronte á das grandes personalidades, aínda que esta non era refugada por el.

Dos dous volumes de que consta, está moi ben estruturado o segundo. Esta sistematización foi doada porque a maioría dos documentos se refiren a unha soa institución, o Concello de Ourense. Non así o primeiro, que simplemente leva orde cronolóxica dos documentos, procedentes de particulares e mosteiros diversos.

Nela móstrase o documento en galego máis antigo da escolma, correspondente ó ano 1244. Dúas décadas despois, Miguel Romaní Martínez

(*Diplomática do Mosteiro Cisterciense de Sta. María de Oseira (Ourense) 1025-1310*. Santiago, 1989, nº 325) publicará outro do ano 1230, que o converte no máis vello documento en galego coñecido, confirmando o pensamento de Ferro de que o galego, ó igual que o castelán, desprendeuse do latín nos comezos do reinado de Fernando III.

En verdade, o galego xa se falaba moito antes de se escribiren os primeiros documentos en galego, que aparecen case de súpeto nas décadas do 1260 e 1270. Mais a lingua non xorde de xeito repentino. A tradición literaria latina ocultou aquí durante varios séculos a verdadeira realidade lingüística, pois debaixo do latín latexaba o galego, xa nos nomes propios, en erros de transcripción, etc. Por outra banda, a información seca e árida destes documentos, de aparencia monótona polas súas fórmulas, complementa, en moitos casos, a información proporcionada pola prosa das obras doutriniais e literarias ou polos cancioneiros, moita dela anónima e da que non se sabe por quen e onde foi escrita, mentres que nos documentos sábese cando, por quen e onde se escribiron, o que axudará a fixar modismos xeográficos e á súa cronoloxía.

Os textos, polo seu carácter, non permiten retóricas e mesmo os seus recursos gramaticais son mínimos, en tempos de verbos ou pronomes.

O léxico ten nestes documentos un manancial insubstituíble, especialmente o xeográfico, no que se nos presentan formas toponímicas intermedias que permiten o coñecemento da súa evolución, e o referido a bens mobles e inmobles, descoñecido ou pouco documentado por outras fontes.

A onomástica destes documentos é moi valiosa, tanto nos nomes de persoa, obedientes ás modas do momento, coma nos alcumes e apelidos.

A historia do dereito ten nestes documentos bases para estudar foros, arrendos, tratos, querelas, enquisas, dotes, casamentos, fianzas, demarcacións, perdóns, mandas, etc.

O mundo político local e mesmo do reino está inmerso nas actas do concello, nas que de xeito vivo manan acordos, protestas e toda clase de liortas entre os cidadáns e destes co señor xurisdiccional, o bispo de Ourense.

O máis interesante é o volume segundo, pois permite coñecer a fala dos nosos antergos e con ela a historia e os homes que a falaban. Constitúe unha animadísima crónica do vivir cotián dunha cidade da Baixa Idade Media nun intre no que o galego, como lingua oficial, xa acadaba o seu meirande desenvolvemento.

Mais era un momento no que se comenzaba a introducir paseniñamente unha fala de outras terras, que por entón viña máis como irmá que como señora.

Daquela o galego era a fala que usaban os señores e os fidalgos, os bispos e os cregos, os mareantes, labregos e artesáns, os xuíces e os escribáns. Soamente os señores que mandados polos Trastámaras viñeron a este Reino a disfrutar das mercedes de rendas e vasalos (Enríquez, Zúñigas, Sarmientos e

Pimenteles) ou bispos vidos de fóra, coma don Pascual García, con grande predicamento na corte de Juan I, que resposta en castelán ós capítulos de agravios presentados en galego polo concello de Ourense o 24 de abril do ano 1385, refugan a lingua de Galicia nas súas escrituras. Eles non falan galego e adoitan traer consigo criados da súa fala, cousa que habería de medrar nos derradeiros anos do século XV coa creación da Real Audiencia e os novos correxementos e coa chegada de frades doutras terras, co gallo das reformas promovidas polos Reis Católicos, que afeitos a unha fala tida por cortesá, non era do seu gusto unha fala rural de labregos e vasalos.

Ferro coñecía o valor e a excepcionalidade desta documentación, da que non se atopa outra semellante. Ó concello de Ourense cábelles a gloria de ter o máis rico acervo documental para a Baixa Idade Media galega e o mérito de Ferro foi non só descubri-lo, senón tamén traballalo co rigor científico e co agudo sentido crítico que lle daba a súa profunda formación paleográfica e diplomática, selecciónalo e publicalo.

Non embargante, laiarémonos sempre de non poder contar coa súa interpretación, que sabemos era moi interesante, de todo este material. Mais el deixou aberto o vieiro para que outros o fixesen.

Olga Gallego